

**BASES COMPETICIÓN SUPERCOPA GALICIA FEMININA**

(APROBADAS POLA ASAMBLEA XERAL O 10 DE XULLO DE 2021)

**EQUIPOS PARTICIPANTES:** Nesta competición participan os dous equipos da Liga Guerreiras Iberdrola

CATEGORÍA	EQUIPO
División de Honra Feminina	Club Balonmán Atlético Guardés
División de Honra Feminina	Conservas Orbe Rubensa Bm. Porriño

**FORMATO DE COMPETICIÓN:**

Partido único nunha mesma sede elixida pola FGBm (intentando que coincida nas mesmas datas que a Supercopa e Copa masculinas.

FINAL (5 - Setembro)			
ELIMINATORIA	LOCAL	VISITANTE	HORARIO
FINAL	Gañador Semifinal 1	Gañador Semifinal 2	17:00

As semifinais e a final serán xogadas nunha mesma sede elixida pola FGBm. E as datas da mesma poden variar dependendo do inicio da Liga ASOBAL e Guerreiras Iberdrola) para que coincidan as finais das Supercopas e Copas. O Horario poderá variar en función da TV.

**CRITERIOS DE DESEMPATE EN TODAS AS ALIMINATORIAS:**

- NOREBA-GA

**CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:**

A participación na Copa e Supercopa Galicia será de carácter obrigatorio para todos os clubs implicados; no caso de que calquera club renuncie a participar ou realice calquera acto que adultere a competición (acudir co equipo filial, non presentarse a algún encontro, pactar resultados, etc...), a FGBm informará á Secretaría Xeral Para o Deporte para que se tomen as medidas oportunas, ademais, calquera desas dúas circunstancias implicarán a mesma sanción que a retirada dun equipo en calquera competición oficial, a sanción será emitida polo Comité de Competición da FGBm.

O Seguro Deportivo obrigatorio entrará en vigor o 1 de Agosto de 2021, todos os xogadores/ase staff deberán ter o seguro correctamente tramitado para a disputa desta competición.

### PROTOCOLO COVID

Todos os equipos deben cumprir coa normativa autonómica para o deporte federado, marcada pola Xunta de Galicia en cada momento. Actualmente, aos equipos de categoría nacional permíteselles realizar actividade federada sempre e cando acrediten a realización de test de antíxenos cada 14 días, mentres que os equipos de categoría autonómica se guían polo protocolo FISICOVID-DXT GALEGO da Federación Galega de Balonmán, no que se establece o uso da máscara.

Nesta competición, en aras de que os equipos compitan en igualdade de condicións todos os/as deportistas e corpo técnico deben posuír un certificado médico que acredite a realización dun test de antíxeno ou PCR (negativa) dentro das 48 horas anteriores á disputa do encontro.